

## Xornada de estudio sobre técnica normativa

(19 e 20 de xuño de 1995)

Dolseira da  
EGAP

Paloma González Cuevas

**E**n Santiago realizouse os días dezanove e vinte de xuño unha xornada sobre técnica normativa, na que se estudia-  
ron as cuestións máis importantes que seguir na elaboración das normas, xa que a complexidade do noso ordenamento legal non vén dada pola natureza propia das normas, senón como consecuencia dunha falta de técnica normativa, ante a continua aparición de disposicións que se producen no noso ordenamento xurídico.

O contido destas xornadas dividiuse en tres módulos, o primeiro deles trata a posición doutrinal sobre a técnica normativa, o segundo céntrase na elaboración técnica de proxectos legislativos e de disposicións de carácter xeral e o terceiro trata a técnica normativa e o procedemento legislativo.

O día dezanove tocouse o tema da posición doutrinal sobre técnica normativa, comezando D. Fernando Sáinz Moreno a tra-

ta-lo dito tema, afirmando que o feito de que o ordenamento xurídico sexa complicado non ten necesariamente que ser malo ou caótico; polo tanto, á hora de realiza-lo ordenamento xurídico é preciso que se realice de forma ordenada; e é na etapa de transición, polo tanto, cando os especialistas teñen que ordena-lo tema que se lles asignase, aínda que hai que ter en conta que os especialistas teñen tendencia a complica-lo tema con conceptos e estruturas complexas.

Tanto en España como en Europa, estase de acordo en que existe un caos no ordenamento xurídico, ante o cal se produciu unha reacción dos políticos; sobre todo están de acordo en que hai certos temas que necesitan con maior urxencia un ordenamento e clarificación de conceptos que outros, como por exemplo o feito de que parece evidente que o Código penal ten que ser claro ou máis claro que as transaccións en bolsa.

No que se refire ó tema da seguridade, a norma ten que estar redactada da forma máis adecuada, clara e razoable, para desta forma evitar na medida do posible a orixinalidade á hora de interpreta-la norma.

Se facemos un percorrido pola historia, non vemos un só momento no que os xuristas estean de acordo co ordenamento xurídico vixente, e crean que este sexa bo. Na actualidade a Asociación Europea de Xuristas ve que o problema é consecuencia de tres factores principais:

1. O crecemento continuo que se produce no ordenamento europeo; este crecemento leva consigo que se introduzan conceptos con xerga comunitaria, que non se sabe ben como han de ser interpretados en cada país.
2. A descentralización en Europa, coa aplicación do principio de subsidiariedade, permítelles ás entidades pequenas o poder emiti-las súas propias normas, co que a produción de normas é moi considerable.
3. Os estados nacionais, pola súa parte, seguen legislando, porque lles parece que faltan normas, aínda que é evidente a queixa común de que hai demasiadas normas.

A solución a este problema non pode lograrse por unha ordenación imperativa, senón que hai que buscar unha regra razoable para que se manteña a unidade nacional e así se continúe coa unidade europea. Polo tanto, o importante é que as leis estean claras e perfectamente estruturadas na forma. A lei, en moitos casos, é perfectamente comprensible, pero non coida o detalle como debería, o que trae consigo que canto máis simple e estruturada sexa a norma, maior poder teñen os xuíces. Por exem-

plo, en Inglaterra, queda moi claro que os tribunais teñen que te-la menor autonomía posible, polo que as súas leis están claramente definidas xa que quen redacta as normas é unha comisión parlamentaria, con base nun contido, non como ocorre en España que cada norma a redacta o ministerio correspondente.

A informática, parece ser, unha solución a grande parte dos problemas xurídicos, xa que se pode chegar, co uso do ordenador, a unha "compactación" das normas.

Por outro lado, Sáinz Moreno realiza na súa exposición un esquema xeral do ordenamento xurídico no que respecta ó seu contido, o cal considera que ha de ter en conta:

**1. A calidade da norma;** cada norma de forma individual. Estas teñen que te-la claridade semántica e claridade normativa.

a. *A claridade semántica* refírese á redacción clara, utilizando unha linguaxe ordinaria e perfectamente comprensible, para evita-lo que ocorre, por exemplo, no Código civil, que a interpretación de certas palabras pode variar no contexto do Código civil. Isto provocou que exista unha preocupación pola correcta utilización dos termos.

b. *A claridade normativa*, é dicir, que quede claro qué tema trata a norma e cal é o seu valor, para evitar confusións con outras normas, polo tanto, hai que ver se o contido é normativo e cal é o seu rango. Para iso utilizaremos:

*A técnica duplicadora:* cando normas de rango distinto nos levan a confusión.

*A técnica degradadora:* unha norma ten que mante-lo seu rango e non variála.

A norma ten que ter un contido homoxéneo, codificando as normas, polo tanto, é preciso que se cree unha codificación de tal forma que sexa máis fácil a súa comprensión e se consolide, para evitar, na medida do posible as revisións que orixinan unha serie de problemas, e non quedan claras.

**2. A integración no ordenamento xurídico,** para a cal se necesita, por un lado, mante-lo principio de unidade do ordenamento xurídico, é dicir, un só ordenamento xurídico, e, por outro, utilizar unha linguaxe común, os conceptos teñen que se-los mesmos para todos e poder integrarse no dereito europeo, intentando que a terminoloxía en Europa sexa o máis similar para tódolos países. As regras han de ser claras e é importante que exista unha continuidade no tempo. A entrada en vigor da nova norma ha de realizarse cando entren en vigor tódolos organismos ós que afecte esa norma. A perda de vixencia, as derogacións e anulacións das normas teñen que ter unha publicidade suficiente.

3. **Valoración da norma, a viabilidade.** A norma ha de ser viable; polo que ha de estar sometida a un claro debate para ver se é viable ou non a aplicación da dita norma, no caso de que a norma non sexa viable a responsabilidade tamén recae nos cidadáns por non protestar pola confusión das normas. Neste punto, Sáinz Moreno, deixa aberta unha pregunta: ¿Que ocorre cando unha persoa é condenada por unha lei que é imposible que se poida cumprir? ¿condénase esta persoa e non o resto das persoas que non o cumpren? O mesmo responde a pregunta dicindo que hai que ser humildes e se unha lei non se pode levar a cabo non sacala.

O seguinte relatorio realizouno D. Fernando Lorenzo Merino, o cal define a técnica normativa como o conxunto de procedementos dispostos para a composición e redacción das normas coa pretensión de construír ou perfecciona-la estrutura do ordenamento xurídico. Aínda que é discutible se a técnica normativa debe ocuparse do procedemento de elaboración das normas ou só dos criterios técnicos do seu contido, pero recoñéceselles a certos órganos ou cámaras a potestade de dictar normas dentro dun ámbito de competencias determinado.

Un punto importante obxecto de estudio que afecta á seguridade xurídica é o que se refire á calidade e viabilidade das normas, neste sentido calidade tradúcese por claridade no texto xurídico, utilizando conceptos unívocos e eliminando a ambigüidade e a linguaxe ordinaria. Ó tratarse, no caso de Galicia, de textos bilingües ten que existir unha maior preocupación á hora de utilizar certos termos, procurando utiliza-lo termo xurídico apropiado en cada lingua. No que respecta á viabilidade das normas, débese traducir como eficacia.

Entrando, xa de cheo no ordenamento autonómico de Galicia e nas cuestións de técnica normativa hai que dicir:

**1.** A norma debe formularse de acordo cos principios técnicos xerais de tódalas normas do ordenamento xurídico, seguindo unha estrutura e terminoloxía común, de tal forma que o único que varíe dunha norma a outra sexa o contido da mesma.

**2.** Que se expoñan con claridade os títulos competenciais que amparan a potestade lexislativa propia, así como a peculiaridade que conteñen fronte ó réxime xeral.

**3.** A técnica normativa debe formular directrices sobre a integración das normas forais, así como no referente á derogación doutras normas, o que acostuma plasmarse nas disposicións adicionais e finais, respectivamente.

Na terceira parte do seu relatorio baséase na exposición da Lei de dereito civil de Galicia 4/1995, do 24 de maio, realizando un estudio da redacción da lei e da súa estrutura formal e da súa formulación lingüística:

1. Hai que destaca-la uniformidade da lei.

2. A claridade na exposición de motivos en que se fai referencia ós artigos constitucionais e estatutarios xustificativos da competencia das comunidades autónomas en materia civil.

3. Bótase en falta o que motiva a incorporación ó texto da lei dalgúns institucións, etc...

A parte dispositiva da lei, seguindo un criterio xermanista, divídese en títulos:

■ *Preliminar*: esta parte é comprensiva e utiliza a técnica tradicional nas leis ou compilacións de dereito foral. No que respecta á claridade, resulta ambigua nalgúns puntos, poñendo en perigo a seguridade xurídica. Séguese unha orde lóxica.

■ *Dereito de persoas*: Analízanse as institucións de ausencia, da casa e da veciña, pero está de máis a referencia á casa, xa que é un tema de propiedade de bens ou con transcendencia xurídica en materia sucesoria, polo tanto, demóstrase que hai que ve-la técnica normativa como algo máis que unha cuestión de linguaxe xurídica e a súa forma de expresión e que se debe racionalizala materia de acordo cuns determinados principios.

■ *Dereitos reais*: analízanse os tipos de comunidade, servidume etc., chama a atención que o primeiro artigo regulador da comunidade de augas, regula basicamente a propiedade individual das augas, o que queda alleo totalmente á idea de comunidade. Por outro lado, a regulación da servidume é formalmente correcta e con boa técnica.

■ *Dereito de contratos*: a técnica normativa é completamente correcta, quizais a máis e mellor elaborada de toda a lei, xa que segue tódalas pautas materiais e formais de técnica normativa.

■ *Dereito de familias*: é moi correcta tecnicamente, aínda que se deixa ver claramente a súa influencia na técnica utilizada polo Código civil.

■ *Dereito de pactos sucesorios*: a súa técnica é correcta en liñas xerais, a súa ordenación en capítulos garda estreita relación co que fai das materias o Código civil.

Ó remata-lo relatorio fai referencia ó acerto na disposición adicional segunda ó prever un sistema quinquenal de revisión do texto e de incorporación dos supostos que resulten da aplicación da competencia en materia civil da Comunidade Autónoma.

O día vinte pola mañá tocouse o tema da elaboración técnica de proxectos lexislativos e de disposicións de carácter xeral. A exposición dos aspectos xurídicos correu a cargo de D. José Luis Rodríguez Fernández, o cal enfoca este tema, como el mesmo di, na introducción ó relatorio, desde a regulación da normativa autonómica galega e da súa posta en práctica real, tendo en conta a importancia, desde o punto de vista xurídico: da linguaxe, o léxico que se utilice e a redacción das normas. A nivel xeral, considera como técnica xurídica de deseño lexislativo máis correcta, que unha lei non debe esgotar toda a regulación posible, senón que ha de recoller todo aquilo que, en relación co seu obxecto, estea sometido á reserva da lei e que faga referencia, por outro lado, ós principios básicos e fundamentais do que pretenda se-lo seu ámbito, permitindo un desenvolvemento regulamentario posterior.

Tamén hai que ter en conta que a lei ten un carácter de permanencia e duración no tempo, polo que todo o que non sexa esencial para o seu contido non debería figurar para que, desta forma, a través da adaptación das esixencias de mutabilidade administrativa, poida mante-la súa validez intertemporal da norma con rango de lei. Por outro lado, en canto ó contido da norma, é preciso, non esquece-la importancia que ten a linguaxe e o léxico que se utilice na redacción das normas.

Chegado a este punto, o relatorio vaise dividir en dous apartados, por un lado o exame da normativa propia de Galicia, en canto ás normas legais e disposicións xerais e por outro lado as consideracións acerca do mecanismo ou modo de funcionamento real dentro do organigrama administrativo da Xunta de Galicia.

No que se refire ó primeiro punto, a normativa autonómica xeral, o Estatuto de autonomía, goza dentro do marco xeral do Estado, do seu propio poder lexislativo, xa que Galicia ó constituírse en Comunidade Autónoma ten un autogoberno e poder lexislativo, dentro do seu propio territorio, sendo o Parlamento de Galicia o encargado de legislar.

Por outro lado, existe un regulamento do Parlamento de Galicia, onde se regula o procedemento de aprobación das leis. A iniciativa lexislativa atribúeselles ós deputados, grupos parlamentarios, Xunta de Galicia e ós cidadáns, neste último caso pola Lei 1/1988, do 19 de xaneiro, de iniciativa lexislativa popular ante o Parlamento de Galicia.

No procedemento lexislativo común hai que distinguir entre: os proxectos de lei, remitidos pola Xunta de Galicia, as proposicións de lei, realizadas polos deputados ou grupos parlamentarios

rios. A retirada dos proxectos de lei pódela efectuar a Xunta en calquera momento antes dun acordo final da Cámara e a retirada da proposición de lei pódela efectuarlo ponente antes da toma en consideración.

Finaliza este apartado coas atribucións que lle corresponden a:

1. A Xunta, segundo o artigo 4 da Lei 1/83.
2. As atribucións específicas do presidente da Xunta, como supremo representante da Comunidade Autónoma, exprésanse no capítulo II da sección II da Lei 1/83.
3. As atribucións dos conselleiros veñen reflectidas no artigo 34 da Lei 1/83.

No que afecta ó segundo punto, a normativa autonómica específica, realiza un comentario sobre o Decreto 11/84, do 25 de maio, o cal foi modificado polo Decreto 57/94, do 25 de marzo. No dito decreto apróbase o regulamento de réxime interior da Xunta de Galicia.

### **1. Elaboración**

Débese de contar cos estudos e informes previos que garantan a súa legalidade, acerto e oportunidade, o que leva consigo a elaboración dun expediente no que se conservarán tódolos datos e documentos que teñan interese para coñecer o proceso de elaboración, ou faciliten a súa interpretación. Tamén ha de terse en conta que non se poderá formular ningunha proposta de nova disposición sen acompañalo proxecto da táboa de vixencias das disposicións anteriores sobre a mesma materia e a consignación expresa na nova disposición das anteriores que quedarían total ou parcialmente derogadas. Se se trata de anteprojecto de lei, deberá ir acompañado dunha exposición de motivos no que se exprese a orixe da súa elaboración e a finalidade perseguida pola norma.

### **2. Informes**

Os proxectos de disposicións de carácter xeral terán que ser informados pola Secretaría Xeral da Consellería correspondente. Se se trata de disposicións relativas a estruturas orgánicas e métodos de traballo e procedementos administrativos, deberase solicitar informe da Inspección Xeral de Servizos da Consellería de Presidencia.

Posteriormente, sométese o proxecto a dictame do órgano consultivo que proceda cando algunha disposición así o estableza ou o conselleiro o estime pertinente.

Cando a natureza da disposición o estime oportuno será sometido a información pública polo prazo que se sinala e debe incorporarse un informe da Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia.

### 3. Tramitación

A análise previa dos proxectos de disposicións ha de someterse á decisión do Consello da Xunta correspondente á Comisión de Secretarios Xerais. O prazo varía se se trata dun anteprojecto de lei, que deberá ser remitido a tódalas consellerías con 10 días de antelación á reunión da Comisión de Secretaría. Os proxectos e disposicións xerais remitiranse cunha antelación de 8 días. As consellerías interesadas en formular observacións remitiranlles por escrito ás consellerías de procedencia e á secretaria de Goberno con 72 horas de antelación, polo menos, á reunión da Comisión de Secretaría, polo tanto, non se admitirá ningún proxecto de disposición xeral que non cumpra coas condicións de tramitación sinaladas.

### 4. Forma

Existe un Gabinete de Desenvolvemento Lexislativo que ten como funcións:

- O estudo, informe e, de se-lo caso, a preparación dos anteprojectos de lei a pedimento das autoridades interesadas, sen prexuízo das competencias doutros órganos; para estes efectos, a Asesoría Xurídica Xeral poderá ser requirida para efectuar un estudo conxunto cos órganos, comisións e autoridades que se designen.
- O estudo e informe dos proxectos, de decreto e outras normas, con exame da súa adecuación ó ordenamento constitucional e estatutario, a petición das autoridades interesadas.
- A indicación de carencias lexislativas e sinala-las eventuais deficiencias lexislativas e dos problemas de interpretación que xurdan como consecuencia da aplicación práctica das normas.

Por outro lado, os aspectos lingüísticos tócaos D. Carlos Díaz Abraira. Comeza facendo un repaso pola historia, coa reflexión de que o latín, como lingua técnica, lle foi deixando paso pouco a pouco ó galego na documentación de tipo municipal, gremial, eclesiástica, etc...

O proceso de consolidación do idioma prodúcese no contexto dunhas circunstancias moi concretas que determinan a conformación propia da linguaxe normativa, por un lado, nos nosos días o proceso de normalización lingüística ten uns condi-



cionantes endóxeos (internos, de adopción do idioma nos novos usos e necesidades) e exóxeos (externos, de planificación lingüística, actitudes sociais, o papel dos distintos axentes ou usuarios, etc...) e, por outra, a consolidación da lingua no marco administrativo, xurídico e normativo, é un feito, polo tanto, as reformas da institución xurídica no seu máis amplo sentido vale de pouco se non leva consigo unha reforma na linguaxe xurídica para que a norma sexa accesible e intelixible, salvaguardando a precisión e o rigor conceptual.

Polo tanto, a linguaxe xurídico-administrativa e normativa non pode perder nunca de vista a estrutura morfolóxica, sintáctica, léxico-semántica e terminolóxica do idioma que lle serve de canle, despois destas consideracións previas, pasa a analizar en profundidade o tema da linguaxe normativa.

Proporciona unha serie de recomendacións sobre a redacción de textos, motivados pola necesidade da modernidade e mellora da linguaxe. Hai tres feitos que constatan esta preocupación sobre a técnica lexislativa:

1. A obra *La forma de las Leyes* (1986) do grupo GRETEL.
2. A resolución do Ministerio de Relacións coas Cortes e da Secretaría do Goberno do 15 de novembro de 1991, pola que se dispuxo a publicación do Acordo do Consello de Ministros, polo que se aproban as directrices sobre a forma e estruturas dos anteproxectos de lei (*BOE* núm. 276, do 18 de novembro de 1991).
3. Orde do Departamento de Presidencia, réxime xurídico e desenvolvemento autonómico do Goberno vasco, do 6 de abril de 1993, polo que se dispón a publicación do Acordo do Consello de Goberno, do 23 de marzo de 1993, no que se aproban as directrices para a elaboración de proxectos de lei, decretos, ordes e resolucións (*BOPV* núm. 71, do 19 de abril de 1993).

Por outro lado, bótase en falta en Galicia a explicitación oficial dunhas normas ou recomendacións sobre técnica normativo. Movémonos nun marco xurídico fundamentalmente castelán e as categorías conceptuais da formación xurídico-administrativa, xunto coas fórmulas e terminoloxías, son castelás, polo que en moitos casos estamos usando un revestimento ou aparencia galega dunha construción castelá, polo tanto hai que:

1. Consolidar e difundir unha terminoloxía galega.
2. Mellorar e supera-lo modelo de redacción castelá.
3. Mellora-la formación e capacitación lingüística dos redactores das normas.

4. Establecer unha normativa galega que é labor exclusivo dos servicios lingüísticos das diversas institucións.

Desde o punto de vista da linguaxe normativa parlamentaria, considera que non estaría de máis chama-la atención sobre algo que é común ás distintas linguas do ámbito xurídico-administrativo, a inercia e rutina na redacción en xeral. A filosofía lingüística que debe orienta-la produción lexislativa iría nunha dobre dirección:

1. Busca dunha desexable simplificación e claridade textual.
2. Busca dun certo diferencialismo e potenciación dos recursos sintácticos, terminolóxicos, fraseolóxicos etc... propios do galego.

Como conclusión quere chama-la atención sobre dous aspectos que lle parecen fundamentais, por un lado a necesidade de asumir responsabilidades e vontade normalizadora e, por outra parte, o impulso e o papel catalizador que a EGAP, tanto por lei como por vocación, debe levar a cabo neste proceso.

Por outro lado, D. Xermán García Cancela ofrécenos desde un punto de vista práctico cómo é a intervención lingüística na elaboración das normas do executivo xunto coa análise detallada dalgunhas pautas de corrección aplicadas ós textos normativos: eliminación de expresións inapropiadas e gramaticalmente incorrectas, tendo moi en conta a terminoloxía utilizada e a construción das frases.

Nos últimos anos incrementáronse as propostas de mellora-la redacción administrativa, o que levou á publicación do *Manual de Linguaxe Administrativa*, *Manual de Estilo de Lenguaje Administrativo* e *Manual de Llinguatge Administratiu*.

A calidade lingüística das normas debe ser formulada como universais e que se poida aplicar a calquera lingua na que se expresen. Por outro lado, a calidade aplicada ó peculiar contexto normativo galego terá dúas bifurcacións:

1. A calidade do idioma que lle serve de soporte, polo que se rexe non só a Administración do Estado senón tamén o resto das administracións.
2. As posibilidades que existen de configurar un rexistro xurídico-administrativo en galego.

A existencia do servizo lingüístico pode levarnos a algunhas consideracións que sirvan como elementos de debate:

1. Que exista un servizo de tradución e corrección dentro da Administración autonómica, xa que a maioría dos funcionarios teñen unha deficiente formación en galego.

2. Considera que non é o momento adecuado para que se produza a intervención na elaboración das normas, por que:

- ▮ Os lingüistas non alcanzan a domina-lo conxunto de materias sobre as que se proxecta a acción administrativa.
- ▮ Como consecuencia do distanciamento entre redactor orixinal e lingüista, poderíase deforma-lo texto orixinal.
- ▮ Polo tanto, o mellor é asesorar lingüisticamente cando se elabore a norma.

Desde o servizo lingüístico da Consellería da Presidencia e de común acordo con outros servizos semellantes, foise construíndo un modelo de lingua baseado na eliminación de expresións inapropiadas, para evitar expresións humillantes, discriminatorias, contrarias a unha boa relación de servizo democráticamente articulada para evitalo; nos documentos pechados hai que procurar emprega-lo xénero adecuadamente e nos documentos abertos con referencias indeterminadas, poñe-los dous xéneros separados con barra (don/dona).

Outro aspecto que evitar son as expresións impropias, é dicir, que sexan gramaticalmente incorrectas, que vaian en contra da claridade, precisión e corrección lingüística. Polo tanto, hai que ve-los:

#### 1. Aspectos ortográficos:

É dicir os que afectan ó bo uso das maiúsculas, abreviaturas, siglas e signos de puntuación.

#### 2. Aspecto léxico-semánticos:

Que está preocupado por un equilibrio entre o léxico técnico e o común, e dentro do común elixiranse aquelas palabras que estean máis asentadas na lingua e con significado máis claro.

No contexto xurídico administrativo e con referencia á súa expresión en galego, podemos apuntar algunhas particularidades á hora de defini-lo léxico que se emprega:

a. Léxico común: é importante o seu dominio para evitar enrarece-lo léxico das normas. A creación de neoloxismos léxicos (creando unha nova palabra) como semántica (dotando a unha palabra dun novo significado) enriquece a lingua simple sempre e cando o seu uso sexa prudente.

b. Léxico xurídico-administrativo e outro léxico técnico. Os termos xurídico-administrativos teñen na súa esencia o emprego duns tecnicismos xurídicos e administrativos para designar conceptos que son propios e inevitables, e o seu emprego será maior canto máis alto sexa o tema de discurso ou cando as relacións se establezan entre os propios axentes da Administración.

A falta dunha planificación acertada require un intenso labor de fixación terminolóxica, polo que hai que contar cos criterios:

1. Recorrer ós termos da lingua antiga, que son recuperados e os que lles dan as aceptacións propias da lingua moderna.
2. Ampliación semántica dos termos da lingua común ou dialectal. O neoloxismo semántico é moi frecuente.
3. Ter máis en conta o léxico tradicional á hora de incorporar ós textos normativos, sobre todo naquelas normas dadas en Galicia para regular actividades da realidade máis inmediata.
4. A creación de palabras polo procedemento común de derivacións e composicións.

#### Aspectos estilísticos:

Hai dúas regras básicas na redacción administrativa, por un lado a brevidade das fases, pero isto non significa frase telegráfica, senón que máis ben está en correspondencia coa organización lóxica e psicolóxica do pensamento cunha boa ordenación e separación das ideas. Por outro lado, a redacción das normas, sobre todo as que teñen por destinatarios persoas con escasa ou nula preparación xurídica, convén utilizar un rexistro formal pero non recargado de expresións da lingua común.

As tendencias da linguaxe administrativa que convén someter a revisións son:

1. Excesiva nominalización.
2. As perífrases do verbo baleiro+substantivo.
3. Abusos da voz pasiva.
4. Abuso do xerundio especificativo e do xerundio de posterioridade.

Como conclusión, considera que nos textos redactados en galego se debe tratar de potenciar aqueles recursos que son propios e que enriquecen a expresión como é o emprego do infinitivo conxugado.

Xa na tarde do día vinte se concretou o tema da técnica normativa no procedemento autonómico, realizando a exposición D. Francés Pali Vall, comezando co debate para ver a quen lle corresponde a realización da técnica normativa. Os executivos, especialistas e, fronte a eles, os parlamentarios non coñecen ben o tema.

No caso de Cataluña formúlase, ademais, o problema de que, despois de 40 anos de dictadura, a linguaxe xurídica catalana non evolucionara e estaba atrasada. Ante isto, o Parlamento ca-

talán, xa na democracia, quixo que se traducisen as leis ó catalán, desta forma acuñáronse novas palabras que se inclúen na linguaxe catalana. Á parte deste problema, atopámonos con que os xuristas en Cataluña, fixeran a carreira en castelán, polo que algúns termos xurídicos en catalán non os coñecían. Os proxectos de lei eran elaborados por xuristas casteláns que os traduciron e daban propostas de corrección lingüística, pero rozando a técnica normativa. Para evitar problemas de técnica normativa a Administración catalana elaborou un manual de procedemento, ó que deben adaptarse tódalas normas, pero é orientativo, polo tanto, chegan ó Parlamento moitos proxectos distintos no que se refire á estrutura, etc... xa que algúns seguen as recomendacións do manual e outros omíteno.

Pero o que si existen son unhas normas para a corrección de leis. Cando un proxecto de lei se presenta ó Parlamento inmediatamente se publica no *BOPC* o texto íntegro, como se presenta ó Parlamento, sobre este proxecto os grupos parlamentarios poden formular propostas de corrección, coas cales se elabora un documento a dúas columnas. Na columna da esquerda figura o texto íntegro da norma que se publicou no *BOPC* e na columna da dereita aparece o texto con tódalas correccións que se realizaron debidamente identificadas. Este primeiro borrador pasa ó letrado correspondente, o cal acepta ou non as correccións, e aquí se introducen as primeiras correccións de técnica normativa que se consideran convenientes, pero pode haber varios documentos comparados ata chegar ó definitivo. Este proceso tamén se realiza coas emendas dos grupos parlamentarios. Na fase da ponencia, que se realiza a porta pechada, négociase case o 90% da forma da lei, xa que aquí se decide qué emendas se van aceptar e cales non se aceptarán, vendo tódolos matices de técnica normativa, os xiros e imperfeccións da redacción das normas que poidan desvirtualo significado. Este órgano non vota, e o ponente da maioría, de forma distendida, declara cal é a que acepta e cal non, co asesoramento do letrado. Este traballo de ponencia denomínase informe de ponencia, (ordenación das emendas, recoñecidas ou non). Acabado este informe pásase á fase da Comisión. Na fase de comisión vótase, e as emendas que saian aprobadas pasan ó texto da lei. A fase da Comisión tamén é a porta cerrada, o "ditame da Comisión", que xunto coas emendas non aprobadas se eleva ó Pleno que aproba ou non as emendas, este si é público e poden asistir medios de comunicación.

En canto ó documento comparado, os deputados poden da-la súa opinión, por exemplo, non acostuma haber problemas nas normas de puntuación e títulos, pero si adoita haber

problemas na agrupación ou disección de artigos, ordenación de leis, supresión de artigos, etc...

En Cataluña, hai certa tendencia á homoxeneidade e a que os textos non sexan redundantes, etc... pero falta unha técnica normativa que sexa de aplicación estricta, que evite as discusións entre letrados.

Do último relatorio encárgase D. Benigno Pendás García, co tema da técnica normativa no procedemento lexislativo nas Cortes Xerais. Comeza o seu relatorio afirmando que se lexisla moito, pero mal, polo que vai realizar, ó longo da súa intervención, unha crítica do procedemento lexislativo nas Cortes Xerais. Comeza, por un lado, coa situación política actual, xa que neste momento de inestabilidade política polo que estamos pasando se aprobaron moitas leis e estatutos dunha grande importancia cunha lexislación feble. Por outro lado, o feito de que a nivel xeral, hoxe en día, se escriba mal a tódolos niveis, e non exista unha especial preocupación por mellora-la linguaxe, afecta á linguaxe xurídica, e á redacción das leis, que nalgúns casos poden ser pouco claras e mal redactadas.

A perda de valor xurídico en favor doutros valores como é o caso da paixón política, trae consigo o feito de que a lei que se realiza con paixón política, por regra xeral, non é boa lei, xa que na maioría dos casos a súa validez se reduce ó momento en concreto e non ó futuro, polo tanto, hai que ter moi en conta que á hora de realizar leis hai que ter unha visión a medio prazo.

A forma de tramitación dun proxecto de lei nas Cortes Xerais segue unha serie de pasos:

*A iniciativa lexislativa* pode ser por parte do goberno en proxecto de lei ou por parte de grupos parlamentarios, etc., en forma de proposición de lei.

Os proxectos de lei preséntanse con antecedentes nos cales ou non se di nada e son meros tratados de retórica ou son demasiado extensos e explican que a nova lei é mellor que a anterior e as razóns. A pesar disto os proxectos de lei pasan este trámite aínda que os antecedentes non se realizasen de forma correcta.

Existe un grande problema, que é que nos podemos encontrar con que as leis regulan mal porque o título da lei nalgúns casos non ten nada que ver co contido real da dita lei, un claro exemplo disto atopámolo na lexislación sobre a Expo'92 na que se introducen algúns aspectos sobre o pagamento de impostos por parte da Cruz Vermella.

Por outro lado, outro aspecto criticable é o feito de que a unha

proposición de lei popular se lle esixe a unidade substantiva, que non se lles esixe ós proxectos de lei.

No que respecta ó tema da unidade substantiva expón que, superado o trámite de unidade da mesa, se abre o prazo de emendas e se realiza a *fase de ponencias*. Ás veces, as ponencias realizan un estudio exhaustivo tanto a nivel técnico como político e noutras ocasións son un mero trámite que dura poucos minutos, e é concretamente nesta fase da ponencia onde se debería articular unha verdadeira técnica normativa. Posteriormente se pasa á *fase da Comisión*, aquí discútese e elíxense as emendas que se aproban, aínda que realmente nesta fase existe moita negociación política.

A última fase é a que se refire á *Sanción e Promulgación*, aínda que non existe moita diferenza, xa que o rei asina a lei, o presidente referéndaa e ordena a súa promulgación no *BOE*. 